

## CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE SANIDADE, A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL RED.ES, M.P. PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DIXITAIS INTELIXENTES NO ÁMBITO DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Comunidade Autónoma de Galicia (a través da Consellería de Sanidade), o Ministerio de Sanidade e a entidade pública empresarial "RED.ES" formalizaron o 24/11/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un período de catro anos, con posibilidade de prórroga.

Que o instrumento convencional asinado ten por obxecto a colaboración no desenvolvemento de Servizos Dixitais Intelixentes no ámbito do Sistema Nacional de Saúde na Comunidade Autónoma de Galicia, a través da aplicación de técnicas de Intelixencia Artificial e Analítica Avanzada á información clínica e de xestión, incluíndo a posta a disposición de dita información e o desenvolvemento de programas de monitorización remota de patoloxías crónicas e telecoidados.

Que o instrumento asinado fundaméntase en que a Estratexia de Saúde Dixital do SNS (ESD), aprobada polo Consello Interterritorial en decembro do 2021 constitúe o marco de referencia para o desenvolvemento das diferentes iniciativas e actuacións das administracións competentes en materia sanitaria, promovendo que o SNS aborde a súa transformación dixital de maneira harmónica e coordinada.

Os proxectos da ESD estrutúranse en nove plans de acción, financiados con fondos do Plan de Recuperación e con orzamento nacional. Un deles é o Plan de Atención Dixital Personalizada, que permitirá ao SNS avanzar cara a un modelo de atención proactivo e individualizado, incrementando a accesibilidade e diminuindo os tempos de atención do paciente, mediante o despregamento, dentro da carteira de servizos do SNS, dun modelo integral de seguimento e prestación de asistencia presencial e virtual.

Mediante Resolución da Secretaría de Estado de Sanidade autoríouse a transferencia á Entidade Pública Empresarial Red.es, M.P., por un importe de oitenta e catro millóns cento catro mil seiscientos vinte e cinco con cincuenta e seis céntimos, para o cofinanciamento de actuacións que Red.es, como Organismo Intermedio do Programa Plurirrexional de España FEDER 2021-2027 realizará na liña de Sanidade dentro do Obxectivo Específico RSO1.2.

A Resolución recolle que as Comunidades Autónomas poderán participar no desenvolvemento das accións previstas, mediante a subscrición de Convenios Interadministrativos entre o Ministerio de Sanidade, Red.es e cada Comunidade Autónoma,

nos termos e condicións recollidos na Resolución.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral técnica

Natalia Lobato Mosquera

